

**ORDENANZA FISCAL Nº 27 REGULADORA DO PREZO PUBLICO POLO ESTACIONAMENTO DE VEHICULOS DE TRACCION MECANICA NO GARAXE MUNICIPAL UBICADO NA PLANTA BAIXA DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS.**

**Artigo 1.. Fundamento.**

De conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41 da Lei 39/88 reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público polo estacionamento de vehículos de tracción mecánica no garaxe municipal ubicado na planta baixa do mercado municipal de abastos.

**Artigo 2º. Feito imponible.**

Constitúe o feito imponible desta ordenanza a concesión dunha praza de aparcamento no garaxe municipal.

Só poderá autorizarse o aparcamento de vehículos de tracción mecánica de catro rodas cunha capacidade máxima de 8 ocupantes incluído condutor e vehículos tipo todoterreo e asimilados. Prohíbese o aparcamento de vehículos tipo camión ou camioneta.

**Artigo 3º. Suxeitos Pasivos.**

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten e obteñan unha praza de aparcamento no garaxe municipal.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da LXT.

Responderán subsidiariamente os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades ou entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

**Artigo 4º. Obriga de contribuír.**

A obriga de contribuír nace desde o momento que se fai entrega ó suxeito pasivo das chaves de acceso ó garaxe municipal.

**Artigo 5º. Tarifas.**

O prezo público establecido será de 38,45 euros mensuais por praza, que se revalorizará anualmente no mes de xaneiro en función do IPC.

Así mesmo deberá depositarse unha fianza de 31 euros pola entrega das chaves de acceso ó garaxe. Fianza que será reembolsada unha vez devoltas as chaves ó Concello.

En caso de perda ou inutilización das chaves de acceso o interesado deberá aboar o coste de reposición das mesmas.

### **Artigo 6º. Devengo e forma de pago.**

O devengo do prezo público será a mes vencido. No caso de altas e baixas que non coincidan co período mensual se realizará o correspondente prorrateo.

O pago realizarase nos cinco primeiros días do seguinte mes na tesourería municipal ou ben por domiciliación bancaria.

Os dereitos devengados non aboados, amais de ser esixidos por vía de constrinximento levarán á perda da praza concedida.

### **Artigo 7º. Solicitud e concesión de prazas.**

Con carácter inicial e por bando da Alcaldía abrirase un período de solicitud de prazas no aparcamento.

En caso de que haxa menos solicitudes que prazas procederase á súa adxudicación directa. No caso de que o número de solicitudes sobrepase ó de prazas existentes a adxudicación realizarase por sorteo, elaborándose tamén un listado de suplentes.

Cando se produzan vacantes estas serán cubertas ben a través da lista de suplentes no caso que existira ou ben por orde de solicitud no Rexistro do Concello.

Os acordos de concesión de praza de apartamento realizaranse por Resolución da Alcaldía.

### **Artigo 8º. Obrigas.**

O usuario deberá comunicar ó Concello o nº de matrícula e o titular do vehículo que utilizará a praza de aparcamento.

Así mesmo absterase da realización de conductas que danen os bens e instalacións de propiedade municipal así como dos demais usuarios do garaxe.

### **Artigo 9º. Prohibicións.**

1º. Realizar calquera tipo de transacción mercantil coa praza de aparcamento concedida. Queda prohibido o aluguer da mesma a terceiras persoas así como calquera acto de transmisión intervivos ou mortis causa sexa oneroso ou gratuíto.

2º. Realizar calquera tipo de actividade que impida ou dificulte a utilización do garaxe por parte dos demais usuarios, especialmente o aparcamento en prazas alleas así como a ocupación parcial polo vehículo das prazas colindantes.

3º. O depósito de calquera tipo de obxectivos ou materiais no espazo destinado a aparcamento. A non retirada inmediata polo interesado, previamente requirido verbalmente por persoal municipal, determinará a súa remoción por parte dos Servicios Municipais e a obriga de aboa-los gastos derivados.

4º. O almacenamento dentro dos vehículos de obxectos ou materiais que teñan a consideración de nocivos, molestos, insalubres ou perigosos, así como de aqueles que desprendan fume ou olores.

5º. A realización de calquera tipo de obra ou instalación na praza concedida.

## **Artigo 10º. Infraccións, sancións e potestade sancionadora.**

### **Infraccións.**

As accións ou omisións contrarias a esta Ordenanza e a demais normativa vixente sobre a materia terán o carácter de infraccións administrativas e serán sancionadas nos casos, forma e medida en que se determinen, a non ser que poidan constituír delitos ou faltas tipificadas nas Leis penais, neste caso o Concello remitirá o tanto de culpa ó orde xurisdiccional competente, e absterase de seguir o procedemento administrativo sancionador mentres a autoridade xudicial non dite sentenza firme.

As infraccións a que se fai referencia o número anterior clasifícanse leves e graves.

Terán a consideración de infraccións leves as cometidas contra as normas contidas nesta Ordenanza que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves.

Consideraranse faltas graves a comisión de tres faltas leves así como a realización das condutas comprendidas no artigo 9 desta Ordenanza relativo a prohibicións.

### **Sancións.**

As infraccións leves serán sancionadas con multa de 31 euros. As infraccións graves con multa de 121 euros.

No caso das infraccións graves e sen prexuízo da multa imposta, poderá acordarse a perda da praza concedida.

### **Competencia sancionadora.**

A sanción das infraccións cometidas corresponderá ó Sr. Alcalde-Presidente. Iniciado o expediente por denuncia de particular ou informe dos Servicios Municipais porase en coñecemento das partes implicadas concedendo un prazo de cinco días hábiles para que se alegue o que se estime oportuno. Tras ese prazo e a vista do expediente resolverá o Sr. Alcalde.

Cando se estime que polo estado do vehículo ou do seu contido este poida supor un perigo para a seguridade ou salubridade, ou cando pola súa ubicación impida ou dificulte gravemente a utilización do garaxe polos demais usuarios, por Resolución da Alcaldía poderá ordenarse a súa inmediata retirada, ben polo propietario do mesmo ben polos Servicios Municipais a súa costa.

## **Artigo 11º. Responsabilidade.**

A responsabilidade polas infraccións recaerá directamente no autor do feito e subsidiariamente no titular da praza de aparcamento.

O titular da praza de aparcamento será directamente responsable dos danos patrimoniais producidos nos bens municipais e particulares, derivados das súas accións ou omisións contrarias ó ordenamento xurídico.

### **Artigo 12º. Reserva minusválidos.**

O Concello conservará unha praza de estacionamento de vehículos de minusválidos ou discapaces, con discapacidade locomotora igual ou superior ó 33%, recoñecida administrativamente, e con vehículo adaptado, coa pertinente homologación para a condución do mesmo.

Xunto á solicitude deberá presentarse orixinal ou copia compulsada da documentación acreditativa do recoñecemento de discapacidade ou minusvalía e da documentación do vehículo que acredite a súa adaptación para condución por persoa discapacitada ou minusválida.

En caso de que non existe solicitude para a ocupación desta praza o Alcalde poderá acordar a súa utilización en precario e de forma temporal por vehículos ou persoas que non reúnan estas características ata o momento que sexa solicitada por persoa minusválida.

### **Artigo 13º. Duración.**

Trala concesión da correspondente autorización o titular ten dereito a utiliza-la súa praza de aparcamento, única e exclusivamente, para estacionamento dos vehículos que consten en comunicación dirixida ó Concello de Mondoñedo.

Esta autorización é en precario e non xera ningún tipo de dereito de propiedade ou posesión sobre bens de titularidade municipal.

Consecuentemente non existe dereito de indemnización pola perda da praza de aparcamento.

En todo caso perderase o dereito ó estacionamento por Resolución da Alcaldía que pon fin a expediente sancionador, cambio de destino das instalacións ou construcións ou obras municipais que reduzan o espazo destinado a aparcamento.

### **Artigo 14º. Interpretación da ordenanza.**

Facúltase expresamente ó Sr. Alcalde ou órgano que actúe por delegación expresa do mesmo nesta materia, para interpretar, aclarar, desenvolver e executa-las prescricións desta ordenanza, así como para suplir, transitoriamente, por razóns de urxencia e ata que exista un pronunciamento na primeira sesión que se celebre do Pleno do Concello dos vacíos normativos que puideran existir na mesma.

### **Disposición adicional.**

Para todo o non previsto neste texto será de aplicación a regulación contida na Lei 39/88, reguladora das Facendas Locais, o Regulamento de Servicios dos Entes Locais, Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común e a Lei de Taxas e Prezos Públicos.

### **Disposición final.**

A presente ordenanza foi aprobada en Pleno 30-10-2008, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do 2009, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.